

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Decreto 208/1993, do 3 de setembro, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, no seu artigo 1, define a protección civil como un servicio público no que, na súa organización, funcionamento e execución, participan as diferentes administracións públicas, así como os cidadáns mediante o cumprimento dos correspondentes deberes e a prestación da súa colaboración voluntaria.

A experiencia obtida ó longo dos últimos anos indica que, ante unha emerxencia na que é precisa a actuación da protección civil, co fin de obter unha actuación eficaz, debe partirse dunha previa e correcta planificación, e dunha axeitada coordinación, tanto de recursos humanos como de medios materiais.

Esta coordinación de recursos e medios alcanza desde a fase preventiva de planificación, á fase operativa; a coordinación destes medios e recursos, abrangue tanto os propios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, como os das administracións estatal e local, así como os de carácter e propiedade privadas, que poden ser mobilizados e requiridos en situacions de risco, urxencia, emerxencia, catástrofe ou calamidade pública.

A Norma Básica de Protección Civil, aprobada polo Real decreto 407/1992, do 24 de abril establece entre os seus principios informadores, o de coordinación, o que esixe que a protección civil, en canto a servizo público, debe realizar unha serie de funcións fundamentais, entre as que se indican as de previsión e prevención.

Resulta pois, necesario que a nivel preventivo se artelle un sistema de coordinación e cooperación entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e as administracións local e estatal.

Tamén debe preverse na fase operativa, e en particular en cada Plan de Protección Civil, que se establezan sistemas de coordinación entre as diferentes administracións públicas; a coordinación debe chegar na fase operativa tamén ós organismos e institucións privados, polo que se precisa que se establezan os correspondentes mecanismos de coordinación.

Conforme o previsto no artigo 3 do Decreto 92/1993, do 16 de abril, que desenvolve a estrutura orgánica da Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente, dispõse que a mencionada secretaría xeral terá como responsable de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, entre outras, a función de coordinación e se é o caso, a dirección dos plans de protección civil territoriais e especiais que se indican na Norma Básica de Protección Civil, así como a coordinación, nos planos preventivo e operativo, de tódolos

medios e recursos que posúen os organismos e institucións dependentes da Xunta de Galicia, en mateira de protección civil.

A Norma Básica de Protección Civil establece que os plans territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os plans especiais de ámbito territorial de Galicia deben recolle-la constitución dun Centro de Coordinación Operativo (CECOP), onde se realice a dirección e coordinación de tódalas operacións, dispoñendo dun sistema de enlace dos (CECOP) das administracións estatal e local, que estea previsto se integren no citado plan.

Así mesmo, prevese que todo CECOP poderá funcionar, se é o caso como Centro de Coordinación Operativo Integrado (CECOPI), no que se integrarán as diferentes administracións, tanto na dirección e coordinación da emerxencia como para a transferencia da responsabilidade.

Resulta necesario, pois, para dar cumprimento ó disposto na normativa legal vixente, que tanto no plano preventivo coma no operativo, se artelle un mecanismo de coordinación que permita que a Administración competente, en materia de protección civil na Comunidade Autónoma de Galicia, dea unha resposta rápida, eficaz, adecuada, correcta e coordinada en situacions de risco, urxencia, emerxencia, catástrofe ou calamidade pública.

Por outra banda, faise necesaria a creación de determinadas comisións sectoriais para o logro dunha maior eficacia na previsión e coordinación de sectores con características de riscos específicos, como poden se-lo químico, o de incendios urbanos e industriais, así como outros que sexan considerados no futuro.

Na súa virtude, e por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día tres de setembro de mil novecentos noventa e tres,

DISPOÑO:

TÍTULO I.—DA COORDINACIÓN NA FASE PREVENTIVA.

Artigo 1º

A Comisión Galega de Protección Civil (CGPC) é un órgano colexiado de coordinación e cooperación entre a Administración da Comunidade Autónoma galega e as restantes administracións públicas, para o desenvolvemento de tódalas actuacións preventivas, en materia de protección civil, que atinxan ó territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º

Son funcións da CGPC:

- Emitir informe sobre o Plan Territorial de Protección Civil de Galicia, previa á súa aprobación polo órgano competente da Xunta de Galicia.

b) A homologación dos plans municipais, supramunicipais, comarcais e provinciais, unha vez aprobados polos órganos competentes.

c) Emitir informe sobre os pláns especiais que elabore a Administración autonómica de Galicia, logo da súa aprobación polo órgano competente da Xunta de Galicia.

d) Emitir informe sobre as normas regulamentarias que atinxan á protección civil, en caso de solicitalo a Admistración autonómica con carácter previo á súa aprobación pola autoridade competente da Xunta de Galicia.

e) Emitir informes e proponer medidas de protección ás autoridades competentes das diferentes administracións públicas, en actuacións preventivas de protección civil, no territorio de Galicia.

f) Propoñer ó Consello da Xunta de Galicia, para a súa consideración ou elevación ós órganos correspondentes, a solicitude de declaración de zona catastrófica ou de reparación, de risco extraordinario, que afecte a parte ou á totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º

A Comisión Galega de Protección Civil funcionará en pleno ou en comisión permanente.

Artigo 4º

O Pleno da Comisión Galega de Protección Civil estará composto por:

—Presidente: o conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

—Vicepresidente: o secretario xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente.

—Vocais representantes da Xunta de Galicia: o secretario xeral de Comunicacións; o secretario xeral para a Seguridade; os directores xerais de Xustiza e Relacións coas Corporacións Locais; de Organización e Sistemas Informáticos; o director da Academia Galega de Seguridade; de Obras Públicas; de Transportes; de Educación Básica; de Industria; de Traballo; de Montes e Medio Ambiente Natural; de Xuventude; de Saúde Pública; de Organización Sanitaria; de Pesca e Industrias Pesqueiras; e de Marisqueo e Acuicultura.

—Vocais representantes da Administración local: un deputado representante de cada deputación provincial de Galicia, nomeado en cadanxe pleno; e os alcades dos concellos da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo, ou concelleiros nos que deleguen, dous representantes da Federación de Concellos Galegos; e dous representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.

—Vocais representantes da Administración do Estado: tres persoas nomeadas polo delegado do Goberno en Galicia.

—Vocais representantes das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil: unha persoa nomeada polos Presidentes das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil rexistrados conforme a Orde de 17 de decembro de 1991 da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

—Secretario: o subdirector xeral de Protección Civil.

Artigo 5º

As sesións do pleno poderán ser convocados, con voz e sen voto, outros directores xerais ou cargos da Xunta de Galicia que non sexan membros da devandita comisión, así como persoas de recoñecida competencia científica, técnica ou profesional, cando así cumpla pola natureza dos asuntos que se vaian debater.

Artigo 6º

A Comisión Galega de Protección Civil convocarase con carácter ordinario, como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario, cando o presidente ou a maioría dos seus membros o consideren necesario.

Artigo 7º

1.—A Comisión Permanente garante a continuidade das actividades da Comisión Galega de Protección Civil entre plenos.

2.—Son funcións da Comisión Permanente:

a) Realizar informes, colaborar nas tarefas de programación e desenvolvemento de plans de protección civil que debe executa-la Administración autonómica de Galicia, conforme o disposto na lexislación vixente.

b) Colaborar e participar na elaboración da normativa que se dicte en materia de protección civil na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Estudia-los mecanismos e sistemas de información á poboación, os medios de comunicación, coas institucións públicas e privadas, asociacións, agrupacións e organizacións que estean implicados ou relacionados en situacións ou actuacións de protección civil.

d) Establece-los fluxos e mecanismos de información coordinada entre as diferentes administracións implicadas en actuacións de protección civil.

e) Estudia-los mecanismos e fórmulas de enlace entre os diferentes Centros de Coordinación Operativos (CECOP) das distintas administracións con competencia en materia de protección civil, así como con centros de comunicación e coordinación de agrupacións, entidades privadas, asociacións e empresas.

f) Propoñelos proxectos de accións preventivas en materia de protección civil.

g) Estudia-los programas e actuacións dirixidas á poboación civil no eido da protección civil.

h) Propoñer ó presidente da Comisión Permanente que inste ó presidente da Comisión Galega de Protección Civil á convocatoria do pleno con carácter extraordinario.

dinario, cando non corresponda a convocatoria ordinaria anual ou por outra circunstancia extraordinaria que se sinale de manera expresa.

i) Emitir informe sobre as propostas de resolución de expedientes sancionadores cando así o solicite o órgano competente, por suposta infracción administrativa que así sexa tipificada na normativa vixente en materia de protección civil, cando a competencia sancionadora corresponda á Xunta de Galicia.

j) Calquera outra función que lle encomende o pleno ou o seu presidente.

Artigo 8º

A Comisión Permanente estará composta por:

—Presidente: o secretario xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente.

—Vocais: cinco representantes da Administración autonómica, e dous representantes da Administración do Estado, nomeados de entre os seus membros pola Comisión Galega de Protección Civil; dous representantes da Administración local nomeados por cadansúa representación no Pleno da Comisión Galega de Protección Civil, e o representante das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil inscritos no rexistro.

—Secretario: o subdirector xeral de Protección Civil.

Artigo 9º

A Comisión Permanente convocarase con carácter ordinario como mínimo unha vez ó trimestre, e con carácter extraordinario cando o seu presidente ou a maioría dos seus membros o considere necesario.

Artigo 10º

1.—A Comisión Permanente poderá crear grupos de traballo, para os efectos do mellor cumplimento do seu labor e obxectivos.

2.—A composición dos devanditos grupos de traballo determinarase pola propia Comisión Permanente, podendo participar nelas persoas con coñecementos e experiencia profesional, pertencentes a calquera Administración pública, institucións públicas e privadas, asociacións, agrupacións e empresas.

3.—O secretario da Comisión Permanente presidirá, por delegación desta, os grupos de traballo.

Artigo 11º

A Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente asumirá as funcións de apoio técnico e administrativo dos distintos órganos da Comisión Galega de Protección Civil.

TÍTULO II.—DA PLANIFICACIÓN DA PROTECCIÓN CIVIL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Artigo 12º

1.—O Plan Territorial de Galicia (PLATERGA) terá como obxecto a prevención das emergencias xerais e a planificación das actuacións co fin de dar unha res-

posta rápida e eficaz ante calquera emergencia que se presente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia dos riscos identificados no propio plan.

2.—O PLATERGA seguirá as directrices fixadas na Norma Básica de Protección Civil; será informado, con carácter previo a súa aprobación, pola Comisión Galega de Protección Civil, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, e homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil.

Artigo 13º

1.—Son plans especiais os que se elaboran para facer fronte ós riscos que sinala a Norma Básica de Protección Civil cando a súa natureza requira unha metodoloxía técnico-científica adecuada a cada un deles.

2.—Os plans especiais que teñan un ámbito territorial de aplicación que non exceda da Comunidade Autónoma de Galicia serán aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, logo de informe da Comisión Galega de Protección Civil, e homologados pola Comisión Nacional de Protección Civil.

Artigo 14º

Os plans provinciais, comarcrais, supramunicipais e municipais serán aprobados polo órgano competente da entidade local, logo do informe da Comisión Permanente da Comisión Galega de Protección Civil, e serán homologados pola Comisión Galega de Protección Civil.

Artigo 15º

Créanse as Xuntas Locais de Protección Civil como comités asesores de protección a nivel local. A súa composición e funcións serán definidas no PLATERGA.

Artigo 16º

Os plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia non recollidos nos artigos 12 e 13 e referidos a riscos específicos e singulares que se produzcan nela, serán aprobados polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública, por proposta do secretario xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente.

Artigo 17º

1.—A homologación a que se refire a Norma Básica de Protección Civil consistirá na comprobación de que os plans se axustan o disposto na Lei de protección civil, Norma Básica de Protección Civil e demás normativa vixente.

2.—A efectividade dos plans non se producirá ata o momento da súa homologación. Esta deberá producirse nun prazo de tres meses polo órgano competente; en caso de silencio, entenderanse homologados tacitamente unha vez transcorrido o dito período.

3.—Poderá aprobarse provisionalmente un plan cando se coide necesario previo á súa implantación, co obxecto de comprobar a súa eficacia. A aprobación definitiva e homologación terán lugar unha vez comprobada a súa efectividade.

Artigo 18º

A Administración autonómica poderá solicitar información de calquera persoa, pública ou privada, no ámbito da súa competencia en materia de protección civil cando esta sexa necesaria para a elaboración e execución das normas e plans de protección civil, con obliga de ser subministrada tal información polos requeridos.

Artigo 19º

A aprobación dos plans, así como a súa homologación polo órgano que corresponda, será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

TÍTULO III.—DA COORDINACIÓN NA FASE OPERATIVA DOS SERVICIOS PROPIOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA.

Artigo 20º

Créase, como órgano asesor do director do plan na Comunidade Autónoma, o Comité Autonómico de Coordinación Operativa de Protección Civil da Xunta de Galicia, e a nivel provincial, os catro comités provinciais de Coordinación Operativa de Protección Civil.

Artigo 21º

O Comité Autonómico de Coordinación Operativa de Protección Civil da Xunta de Galicia estará composto por:

—O secretario xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente, que o presidirá.

—Un representante das secretarías xerais de Comunicacións; para o Deporte; e para a Seguridade; das direccións xerais de: Organización e Sistemas Informáticos; de Obras Públicas; de Transportes; de Educación Básica; de Industria; de Traballo; de Montes e Medio Ambiente Natural; de Xuventude; de Saúde Pública, de Organización Sanitaria; e de Pesca e Industria Pescueiras, todos eles con categoría mínima de subdirector xeral, designados polo seu director xeral ou secretario xeral respectivo. Cada dirección xeral ou secretaría xeral designará ademais un representante suplente con categoría mínima de xefe de servicio.

—O subdirector xeral de Protección Civil, que será o secretario.

Artigo 22º

Serán causas de convocatoria do Comité de Coordinación Operativa de Protección Civil:

* As situacións recollidas no Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

* Toda situación de risco, urxencia, emergencia, catástrofe ou calamidade pública, na que se prevexa sobrepase o ámbito territorial dunha provincia, ou naquela situación que sen sobrepasa-lo ámbito provincial sexan insuficientes os recursos e medios da provincia.

* Calquera outra situación que o presidente do Comité Autonómico de Coordinación Operativa xulgue necesaria a súa convocatoria.

Artigo 23º

1.—Os comités provinciais de Coordinación Operativa estarán compostos por tódolos delegados da Xunta de Galicia na provincia correspondente, baixo a presidencia do delegado provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública. Actuará como secretario o xefe provincial de Protección Civil.

2.—Cada delegado nomeará un suplente de entre os funcionarios da súa delegación, con categoría de xefe de servicio.

3.—Os comités provinciais de Coordinación Operativa de Protección Civil estarán coordinados pola Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente.

Artigo 24º

Será causa de convocatoria do Comité Provincial de Coordinación Operativa de Protección Civil:

—Aquelhas establecidas no Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

—Toda situación de risco, urxencia, emergencia, catástrofe ou calamidade pública de ámbito territorial provincial, na que para controlala emergencia sexa suficiente o emprego de recursos e medios provinciais.

—Toda situación de risco, urxencia, emergencia, catástrofe ou calamidade pública de ámbito local, cando sexan insuficientes os recursos e medios recollidos nos plans de protección civil de ámbito comarcal ou municipal, ou cando o solicite a autoridade local, ou naqueles situacións que así o requira a magnitude do suceso.

Artigo 25º

1.—O Comité Autonómico e os comités provinciais de Coordinación Operativos de Protección Civil serán convocados normalmente en pleno, agás nos casos que a sectorialidade da situación aconselle unha convocatoria parcial.

2.—Tódolos membros dos devanditos comités terán a obriga de estar localizables e permanentemente disponíveis. O anteriormente disposto é aplicable tamén ós membros suplentes. Para isto a Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente disporá as medidas necesarias, coa colaboración e apoio das xefaturas provinciais de Protección Civil.

Artigo 26º

Son funcións dos comités de Coordinación Operativa de Protección Civil, tanto autonómico como provinciais, e de maneira especial dos membros dela, ademais de apoiar e colaborar coa dirección do plan na aplicación e execución dos plans de Protección Civil, as de:

a) Na fase de alerta:

* Poñer á disposición do director do plan os servicios, recursos humanos e medios materiais dos departamentos da Administración autonómica que se prevexan poidan ser mobilizados en razón do nível de risco.

* Facelo seguimento da evolución e dos seus recursos e medios.

* Propoñerelle ó director do plan do respectivo comité o peche da situación de alerta, ou o pase á seguinte fase de emerxencia, cando o requira a situación.

b) Na fase de emerxencia:

* Mobiliza-los recursos humanos e medios materiais dos departamentos da Administración autonómica que se precisen conforme o tipo de emerxencia e a súa evolución.

* Proceder á desmobilización dos recursos e medios anteriores, unha vez rematada a fase de emerxencia.

TÍTULO IV.—DA COORDINACIÓN NA FASE OPERATIVA CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

Artigo 27º

En cada plan de protección civil que elabore a autoridade competente da Xunta de Galicia, establecerase a coordinación na fase operativa entre as diferentes administracións implicadas nel.

Co obxecto de coordinar as accións e actuacións das diferentes administracións públicas en situacións de risco, urxencia, emerxencia, catástrofe ou calamidade pública, así como a mobilización dos medios e recursos establecidos nos plans especiais de protección civil, que debe elabora-la Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o establecido na Norma Básica de Protección Civil, prevese a creación de comités de dirección, comités asesores e grupos de acción.

Artigo 28º

1.—Os comités de direccións que se establezan nos plans especiais recollidos na Norma Básica de Protección Civil, que elabore a Comunidade Autónoma de Galicia estarán constituídos por un representante da Administración autonómica e estatal, recaendo a dirección do plan no representante da Comunidade Autónoma.

2.—Cando estea presente o interese nacional que se recolle no artigo 1 da Norma Básica de Protección Civil, e o ámbito de aplicación sexa a Comunidade Autónoma de Galicia o representante da Comunidade Autónoma de Galicia será o secretario xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente. Cando o ámbito de aplicación non excede dunha provincia galega, o representante da Comunidade Autónoma será o delegado provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Artigo 29º

Para a mobilización dos medios e recursos doutras administracións públicas establecidas nos plans de protección civil realizados pola Comunidade Autónoma de Galicia estableceranse protocolos de actuación, que permitan a rápida e efectiva mobilización dos medios e recursos.

TÍTULO V.—DA COOPERACIÓN E DA COLABORACIÓN CON ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, ORGANISMOS E INSTITUCIÓNS PÚBLICAS OU PRIVADAS.

Artigo 30º

A xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación, coa Administración do Estado, para acada-los óptimos niveis de eficacia e de operatividade, tanto na fase preventiva como na operativa, e unha axeitada coordinación, dos medios de información, dos sistemas de comunicación e dos recursos humanos e medios materiais.

Artigo 31º

A Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación coa Administración local de Galicia, para unha mellor e más efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva como na operativa, establecendo sistemas de información e medios de comunicación.

A Administración autonómica colaborará na dotación de medios e recursos necesarios no campo da protección civil á Administración local.

Artigo 32º

A Xunta de Galicia poderá establecer convenios de cooperación ou de colaboración coas institucións e organismos públicos ou privados que estean relacionados coa protección civil, en materia de formación de protección civil, de promoción e de fomento da protección civil, e tamén con aqueles que disponan de recursos e medios mobilizables en actuacións de protección civil.

TÍTULO VI.—DOS CENTROS DE COORDINACIÓN OPERATIVOS (CECOP)

Artigo 33º

1.—Determiníñase a situación dos centros de coordinación operativos (CECOP), para levar a cabo a dirección e a coordinación de tódalas operacións que se establecen no Plan Territorial de Protección Civil e plans especiais da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto na Norma Básica de Protección Civil, así como noutrous plans de protección civil da Administración autonómica galega.

2.—En función do ámbito territorial de aplicación dos plans de protección civil, indicados no punto anterior, instalarase o CECOP, para aquelas situacións que se consideren de ámbito autonómico, así como aquelas previstas nos diferentes plans específicos e sectoriais de protección civil na Central de Comunicacións para Operativos da Comunidade Autónoma de Galicia (CECOP-Galicia); cando o ámbito territorial sexa de nivel provincial, e así se establece no Plan Territorial e Plans Especiais de Protección Civil, ou noutrous plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, ou cando así o determine a autoridade competente da Xunta de Galicia, instalarase nas Xefaturas Provinciais de Protección Civil (CECOP-Provincial).

Artigo 34º

Os CECOP poderán funcionar, se é o caso, como Centros de Coordinación Operativos Integrados (CECOP), nos que se integrarán as autoridades das diferentes administracións, tanto para a dirección e coordinación, como para a transferencia de responsabilidades.

Artigo 35º

1.—Os CECOP, para levar a cabo a súa función, disporán dos medios técnicos dos que están dotadas as xefaturas provinciais de Protección Civil, e se é o caso dos pertencentes a Central de Comunicacións para Operacións de Galicia (CECOP-Galicia).

2.—Os CECOP disporán de sistemas de enlaces de comunicacións cos Centros de Coordinación Operativos da Administración estatal en Galicia, así como cos Centros de Coordinación Operativos Locais (CECOPAL) da Administración local de Galicia.

3.—Desde os CECOP poderán establecerse sistemas de enlaces de comunicacións con centros de urxencia e de emerxencia, así como con centros de comunicación, de carácter público ou privado, cos que previamente se establezan convenios ou protocolos de colaboración mutua.

4.—Cando se active de maneira parcial ou na súa totalidade un plan de protección civil, a Central de Comunicacións para Operativos de Galicia (CECOP-Galicia), pasará a converterse en Centro de Coordinación Operativa de Protección Civil. Neste caso tanto os medios como os recursos da Central CECOP-Galicia pasarán a depender funcional e organicamente da Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente mentres permaneza activado o plan de protección civil.

Artigo 36º

Para aqueles plans de protección civil que estean pendentes de aprobación ou ante unha situación non establecida nos plans, a constitución, dirección e coordinación dos CECOPS realizará a Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente.

Artigo 37º

As centrais de comunicación e centros para operativos dependentes da Xunta de Galicia, así como os establecidos no Plan Territorial da Comunidade Autónoma, poderán ser integrados no CECOP activado cando a dirección do plan o coide conveniente.

TÍTULO VII.—DAS COMISIÓNNS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN CIVIL.**Artigo 38º**

Son comisións especiais de protección civil as que se crean con tal carácter co obxecto de atende-las necesidades específicas dos diferentes sectores relacionados coa protección civil que así o requiran para unha mellora na súa planificación e operatividade.

TÍTULO VIII.—DA COMISIÓN GALEGA DE RISCO DE INCENDIOS.**Artigo 39º**

Créase a Comisión Galega de Risco de Incendios.

Artigo 40º

As funcións da Comisión Galega de Risco de Incendios son as seguintes:

a) Analizar e avalia-la problemática de incendios urbanos e industriais en Galicia e realiza-las propostas de solución.

b) Analiza-las medidas e propoñe-la adaptación das disposicións relacionadas coas condicións técnicas de protección en edificacións urbanas e industriais, en coordinación coas consellerías correspondentes.

c) Estudiar e propoñer criterios para a correcta interpretación e a homoxénea aplicación das disposicións legais en materia de incendios.

d) Analizar e recoller, se procede, os avances en materia de protección de incendios.

e) Asesora-la Comisión Galega de Protección Civil e a outros organismos, en materia da súa competencia.

f) Propoñerlle á Academia Galega de Seguridade a realización e aprobación dos programas e cursos de formación dos profesionais na prevención, defensa e loita contra os incendios na Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Emitir informes sobre os regulamentos dos corpos de prevención, defensa, loita e intervención en incendios.

h) En xeral, desenvolver cantos traballos relacionados coa materia técnica da súa esfera se consideren precisos e lle sexan encomendados pola presidencia, e polo pleno da Comisión Galega de Protección Civil.

Artigo 41º

A Comisión Galega de Risco de Incendios funcionará en pleno ou en comisión permanente.

Artigo 42º

O Pleno da Comisión Galega de Risco de Incendios está composto por:

—Presidente: o secretario xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente.

—Vicepresidente: o subdirector xeral de Protección Civil.

—Vocais: os catro xefes provinciais de Protección Civil.

Os xefes dos parques de bombeiros das cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela.

Un xefe por cada cinco dos restantes parques de bombeiros de Galicia, nomeados de entre eles.

Un representante da Academia Galega de Seguridade.

Tres persoas de recoñecida competencia en materia de incendios, designados polo presidente da Comisión Galega de Protección Civil.

Secretario: o xefe de Servicio de Planificación da Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente.

Artigo 43º

1.—A Comisión Permanente garante a continuidade das actividades da comisión entre plenos.

2.—As súas funcións son:

a) Estudar la problemática técnica dos incendios urbanos e industriais, no detalle que sexa preciso, e das súas posibles soluciones en Galicia, dando conta ó Pleno da Comisión Galega de Risco de Incendios.

b) Colaborar e participar na elaboración da normativa contraincendios en edificios, e a súa adaptación ás necesidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Estudar los programas e actuacións que en materia de prevención e de información se dirixan á poboación no eido dos incendios urbanos e industriais.

d) Propoñer ó pleno os plans, programas e proxectos de acción preventiva, así como en información e formación, e propostas en materia de normativa legal.

e) Calquera outra función que lle encomende o pleno ou o seu presidente.

3.—A Comisión Permanente da Comisión Galega de Risco de Incendios estará composta por:

—Presidente: o subdirector xeral de Protección Civil.

—Vocais: dous xefes dos parques de bombeiros dos que forman parte do pleno da Comisión Galega de Risco de Incendios, nomeados entre eles.

—Secretario: o xefe de Servicio de Planificación da Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente.

Artigo 44º

1.—O pleno será convocado polo presidente, con carácter ordinario, polo menos unha vez ó ano, e con carácter extraordinario, cando o considere necesario o mesmo presidente ou a maioría dos membros integrantes do pleno.

2.—A Comisión Permanente convocarase cando o considere necesario o seu presidente ou a maioría dos seus membros.

Artigo 45º

As sesións do pleno ou da Comisión Permanente poderán ser convocados tamén, con voz e sen voto, técnicos de recoñecida competencia na materia, cando así o consideren oportuno o pleno ou a comisión permanente, ou os seus respectivos presidentes.

TÍTULO IX.—DA COMISIÓN GALEGA DO RISCO QUÍMICO.

Artigo 46º

Créase a Comisión Galega do Risco Químico.

Artigo 47º

Serán funcións da Comisión Galega do Risco Químico as seguintes:

a) Asesora-la Comisión Galega de Protección Civil en temas relacionados co risco químico.

b) Avaliar e facer uso da información relativa ó risco químico.

c) Elaborar informes técnicos sobre os plans de emergencia de risco químico.

d) Propoñer instruccións técnicas sobre o risco químico.

e) Promover actividades divulgativas sobre autoprotección en emergencias derivadas de actividades industriais.

Artigo 48º

A Comisión Galega do Risco Químico será convocada cando o consideren oportuno o seu presidente ou a maioría dos seus membros.

Artigo 49º

A Comisión Galega do Risco Químico estará constituida por:

—Presidente: o secretario xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente.

—Vicepresidente: o subdirector xeral de Protección Civil.

—Vocais: un representante técnico das consellerías de Ordenación do Territorio e Obras Públicas; de Industria e Comercio; de Traballo e Servicios Sociais; e de Sanidade.

Un representante técnico das delegacións en Galicia das seguintes entidades: Federación Española de Industria Química; Asociación de Empresas da Industria do Refinamento do Petróleo; e Comisión de Seguridade das Industrias Siderometalúrxicas.

Tres persoas de recoñecida competencia en materia de riscos químicos designadas polo presidente da Comisión Galega de Protección Civil.

A Administración do Estado poderá designar un representante técnico na comisión se o considera conveniente.

—Secretario: o xefe de Servicio de Planificación da Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente.

Disposición adicional

Facúltase o conselleiro da Presidencia e Administración Pública para adoptar las medidas necesarias para a execución e desenvolvemento deste decreto.

Disposiciones transitorias

Primera.—A Xunta de Galicia aprobará, no prazo máxmo de un ano desde a entrada en vigor do presente decreto, o Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.—A Xunta de Galicia aprobará a normativa sancionadora de desenvolvemento do sinalado na Lei 2/1985, de protección civil.

Disposición derogatoria

Queda derogado:

- * O Decreto 295/1988, do 13 de outubro.
- * O artigo 6 do Decreto 216/1990, do 15 de marzo.
- * E as demás disposicións de igual ou inferior rango que se oponan ó presente decreto.

Disposición derradeira

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, tres de setembro de mil novecentos noventa e tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

III. OUTRAS DISPOSICIÓN S

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Corrección de errores—Resolución do 3 de xuño de 1993 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do mesmo día, polo que se aproban as relacións de postos de traballo da Administración da Xunta de Galicia.

Advertidos errores na publicación da devandita Resolución do 3 de xuño de 1993, efectuada no DOG nº 105, do 4 de xuño de 1993, cómpre efectua-la seguinte rectificación:

—Na páxina 4.001, na relación de postos laborais da Consellería de Cultura e Xuventude, destino IGAEM, no posto código CUA010000015770013, na columna de vacantes onde di: «Sí»; debe dicir: «Non».

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 1 de setembro de 1993 pola que se anuncia a celebración dunha xornada de estudio sobre a incidencia da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común no ordenamento urbanístico.

Dentro das actividades da Escola Galega de Administración Pública para 1993, figura a celebración dunha xornada de estudio sobre incidencia da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común no ordenamento urbanístico.

1.—Obxecto.

O día 4 de outubro do ano actual terá lugar na EGAP, sita no polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, s/n (Santiago de Compostela) a celebración dunha xornada de estudio sobre a incidencia da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común no ordenamento urbanístico, na que os intervenientes abordarán os seguintes temas:

—Introducción sobre o significado da LRXAP e da Lei do solo, e a incidencia que en xeral podería te-la primeira das normas sinaladas nas leis sectoriais.

—Os problemas que presenta a aplicación da LRXAP na normativa de protección da legalidade urbanística.

—Potestade sancionadora e procedemento no ámbito urbanístico.

—A LRXAP e os procedementos administrativos formalizados en materia de urbanismo.

A actividade será dirixida polo profesor González Pérez, catedrático de dereito administrativo da Universidade Complutense de Madrid.

2.—Destinatarios.

Funcionarios dos grupos A e B da Xunta de Galicia e da Administración local galega, que desempeñen tarefas directamente relacionadas co ámbito urbanístico, e tamén avogados, enxeñeiros e arquitectos que pola súa actividade profesional estean interesados nas materias que se expoñerán nesa xornada.

3.—Desenvolvemento e duración.

A xornada abrirase e rematará o luns, día 4 de outubro de 1993, na Escola Galega de Administración Pública.

4.—Inscrição.

Prazo: remata o mércores día 29 de setembro de 1993.

Lugar de presentación: no rexistro xeral da EGAP (polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, s/n 15703, Santiago de Compostela). Tfno. 57 08 00. Telefax nº 57 22 45.